

GAIÁS  
CIDADE DA  
CULTURA



XUNTA  
DE GALICIA

# CiNEMA E EMOCIONS UNHA VIAXE Á INFANCIA

Exposición organizada por

LA  
**CINEMATHEQUE**  
FRANÇAISE



Fundación "la Caixa"



Xacobeo 2021

# CINEMA E EMOCIONS UNHA VIAXE A INFANCIA



*The Kid*, 1921.  
Charles Chaplin ©  
Roy Export S.A.S.

**Exposición**  
Museo Centro Gaiás | 3º andar  
22 xullo 2020 – 10 xaneiro 2021

De martes a domingo de 10 a 20 horas  
Entrada de balde

**Visitas comentadas:**

De balde. Consultar horarios e información  
en [cidadedacultura.gal](http://cidadedacultura.gal)

*Les 400 Coups*,  
1959. François  
Truffaut © André  
Dino - mk2 D.R.

*Le Roi et  
l'oiseau*, 1979.  
Paul Grimault

*Être et avoir*, 2002  
- Nicolas Philibert  
© Les Films du  
Losange

Unha viaxe á infancia –pensada tanto para público adulto como para a cativada– e un convite a ser testemuñas de como se plasmou a infancia no cinema ao longo dos seus máis de cen anos de historia. É a proposta da mostra que La Cinémathèque française e a Fundación "la Caixa" –en colaboración coa Xunta de Galicia e no marco do Xacobeo 2021– presentan na Cidade da Cultura, e que permite ao público experimentar as emocións tal e como as vivimos durante os nosos primeiros anos de vida.

Compoñen a exposición fragmentos de películas de diferentes xéneros, épocas e latitudes, ademais de debuxos, storyboards, fotografías de rodaxe, carteis, maquetas ou obxectos senlleiros como un sombreiro e dúas pipas do director francés Jacques Tati, unha estatua de King Kong de máis de dous metros, ou unha vasoira *Nimbus 2000* do filme *Harry Potter e a pedra filosofal*. As pezas proveñen das coleccións de La Cinémathèque française, que se contan entre as máis ricas do mundo no ámbito cinematográfico, así como dos fondos persoais dalgúns cineastas e coleccionistas.

A mostra danos a oportunidade de revisitar filmes inesquecibles como *Alicia no país das maravillas*, *Os 400 golpes*, *O meu veciño Totoro*, *Tempos modernos*, *Monstros S.A.*, *Cinema Paradiso*, *O ladrón de bicicletas*, *Toy Story*, *Parque Xurásico*, *Mary Poppins* ou os galegos *A lingua das bolboretas*, de José Luís Cuerda, e *Todos vós sodes capitáns*, de Oliver Laxe.

Dividida en sete seccións –Alegría, Rabia, Risa, Bágoas, Medo, Valentía e Ilusión–, a exposición empúrranos a revivir as emocións que sentimos ao longo da nosa vida, pero ás que nos enfrontamos por primeira vez durante a nenez con especial intensidade, e como éstas se representan no cinema. A mostra desvela tamén os misterios da creación cinematográfica e as súas formas de xerar fascinación e crear ese mundo ilusorio, co que a viaxe é dobre: cara aos días da nosa propia infancia e cara aos segredos da produción cinematográfica. Ao rematar a visita, descubriremos que tan abraiante son as ferramentas coas que traballa o cinema, como xenuínas as emocións que é quen de espertar.